Grammar

PRESENT PERFECT *PRETÉRITO PERFECTO SIMPLE*

Afirmativa

Suxeito + HAVE + participio pasado	*I have eaten*
Suxeito + HAS + participio pasado (3ª persoa de sing.)	*She has eaten / She´s eaten*

Negativa

Suxeito + HAVE + NOT + participio pasado	*I haven ' t eaten*
Suxeito + HAS + NOT+ part. pasado (3ª pers. sing.)	*He hasn´t eaten*

Interrogativa

HAVE + Suxeito + participio pasado?	*Have you eaten?*
HAS + Suxeito + participio pasado (3ª pers. sing.)?	*Has he eaten?*

Este tempo verbal emprégase:

a) Para falar de accións no pasado que aínda teñen importancia ou repercusión no presente.
I have broken my leg Rompín a perna (ainda a teño rota)

b) Para falar de accións que aconteceron no pasado sen especificar o tempo exacto.
He has been to Ireland twice Estivo en Irlanda dúas veces
(Se sinalásemos cando estivo habería que utilizar o pasado simple*: He went to Ireland last year ! Foi a Irlanda o ano pasado)*

c) Para indicar que a acción aconteceu nun momento que aínda non rematou. Adoita ir acompañado de expresións de tempo :
(today, this morning, this week, this month, this year).
This morning I haven´t phoned anybody. Esta mañá non chamei a ninguén (a mañá ainda non rematou)

d) Para indicar accións que se repetiron varias veces no pasado.
We have visited Spain several times. Visitamos España varias veces

e) <u>Expresións Temporais que adoitan acompañar ao Presente Perfecto:</u>

a) Coas expresións ***It 's the first/second/third.../only time***
It is the first time I´ve eaten raw fish. É a primeira vez que comín peixe cru.

b) Co adverbio ***just*** exprésanse accións que acaban de acontecer.
I 've just bought the tickets. Acabo de comprar as entradas.

c) A preposición **for** (durante) úsase para expresar a lonxitude do período e **since** (dende) o punto en que a acción empezou.
They have lived in London for ten years . Levan vivindo en Londres dez anos
They have lived in London since 1992. Levan vivindo en Londres dende 1992

d) O adverbio **already** (xa) non se emprega con oracións negativas e normalmente colócase entre 'Have/has' e o participio.
Mary has already arrived María xa chegou
Has Mary already arrived? Chegou xa María?

e) O adverbio **yet** (xa, aínda) adoita ir en posición final e con oracións interrogativas e negativas.
Has she met your parents yet? Xa coñeceu ela aos teus pais?
No, she hasn´t met them yet Non, aínda non os coñeceu

f) O adverbio **ever**. Fíxate na súa tradución e na súa posición nos exemplos segundo apareza nunha oración afirmativa ou interrogativa.
Have you ever seen a bat? Viches algunha vez un morcego?
He 's the best person I 've ever met El é a mellor persoa que nunca/xamais coñecín.

PRESENT PERFECT CONTINUOUS

PRETÉRITO PERFECTO CONTINUO

Afirmativa	
Suxeito + HAVE BEEN + verbo-ing	*I have been eating*
Suxeito + HAS BEEN+ verbo-ing (3ª pers. sing.)	*He has been eating*
Negativa	
Suxeito + HAVE NOT BEEN + verbo-ing	*I haven´t been eating*
Suxeito + HAS NOT BEEN + verbo-ing (3ª p. s.)	*He hasn´t been eating*
Interrogativa	
HAVE + Suxeito + BEEN + verbo-ing?	*Have you been eating?*
HAS + Suxeito + BEEN + verbo-ing (3ª p. s.)?	*Has he been eating?*

Este tempo verbal emprégase:

a) Para referirse a unha actividade que empezou no pasado e que continúa desenvolvéndose no presente. Quérese resaltar o aspecto durativo da acción.

She has been studying for three hours *Leva tres horas estudando.*

b) Para falar de accións moi recentes que acaban de concluír

I 've been cooking all morning *Levo toda a maña cociñando.*

PAST PERFECT *PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO*

Afirmativa	
Suxeito + HAD + participio pasado	*I had eaten*
Negativa	
Suxeito + HAD NOT+ participio pasado	*I hadn ' t eaten*
Interrogativa	
HAD + Suxeito + participio pasado?	*Had you eaten?*

Este tempo verbal emprégase:

Para referirse a unha acción pasada que aconteceu antes que outra acción tamén acontecida no pasado que se conxuga en pasado simple.

They had already gone when I arrived *Xa se foran cando eu cheguei.*

Working with words: Sufixos para formar adxectivos

Os sufixos son terminacións que engadimos a raíz dunha palabra para formar outras palabras novas.

Os seguintes sufixos empréganse para formar adxectivos a partir doutras palabras



DANGER *-OUS*	PRODUCT *-IVE*	ENJOY *–ABLE*
COMPREHENS *-IBLE*	LUCK- Y	ORIGIN *–AL*
CONSIDER *-ATE*	HELP *–FUL*	HELP *-LESS*

Adxectivos normalmente formados a partir de verbos

Sufixo	**Verbo**	**Adxectivo**
-ive	Effect	Effective
-able	Profit	Profitable
-ible	Access	Accessible

Adxectivos normalmente formados a partir de substantivos

Sufixo	**Sustantivo**	**Adxectivo**
-y	rain	rainy
-al	nation	national
-ful	pain	painful
-less	use	useless

Writing: An Informal Letter *Cartas informais*

Ao escribir cartas a amigos ou familiares en inglés utilízase linguaxe informal ou coloquial caracterizada polo uso de contraccións e de expresións da linguaxe oral.

Estas son ***as partes fundamentais*** das que debe constar a túa carta:

a) Saúdo: *'Dear Mary'*

b) Agradecemento pola carta recibida: *Thank you very much for your letter; It was great to hear from you*

c) Corpo da carta

c) Peche: *Write back soon,; Looking forward to hearing from you*

d) Despedida: *Love; Best wishes; Lots of love*

Signos de puntuación:

Uso de apóstrofe (') para as contraccións: ***I 've, he's , they're***

Uso de signos de exclamación (!) para resaltar sentimentos. O signo colócase só ao final da oración.

Uso de signos de consulta (?) para formular preguntas. O signo colócase ao final da oración.

Uso de guión (-) para engadir un comentario á frase

Uso de paréntese ( ) para engadir ideas adicionais

Expresións útiles:	
It was great to hear/hearing from you!	That 's all for now
I 've got so much to tell you	I must sign off now
Sorry I haven't written before	Looking forward to seeing you
I was sorry to hear about...	Give my regards to
Congratulations on...	Regards
I was happy to hear that...	Please write soon

A continuación tes un exemplo dunha carta en estilo informal:

Informal Letters and E-mails *Cartas e Mails Informais*

HEADING	**Mozart 2050 - 1° A** **Buenos Aires 1418 - Argentina**	**ENCABEZAMENTO** O teu enderezo pero non o teu nome
DATE	**Wednesday, 20th June**	**DATA** acéptase omitir o ano
SALUTATION	**Dear James**	**SAÚDO** *Dear James - Dear + nome* *Hello James - Hello+ nome*
BODY	**This is just a quick note to thank you for dinner in Oxford last month, and I'm glad that you're enjoying your job.** **It was great to see you again. We really had a wonderful time, there at the restaurant.**	**CORPO DA CARTA**
COMPLIMENTARY CLOSE	**Hope to see you soon**	**DESPEDIDA** Outras fórmulas de despedida: *Keep in touch, Best wishes, Yours, Lots of love, Love from.*
SIGNATURE	**MARCOS GOMEZ**	**SINATURA**

LEMBRA que este tipo de cartas e mails redáctanse nun estilo MAIS INFORMAL. Polo tanto PÓDENSE USAR contraccións como *I'm*, *You're*, *I didn't*, etc.

Vocabulary Quincena 3.

Ad- ---------- anuncio (coloquial)
Advertisement ---------- anuncio
Advertising---------- publicidade
Aware ---------- consciente, informado
Be out of one´s mind---------- estar tolo
Beach ---------- praia
Beverage---------- bebida
Bombard---------- bombardear, acosar
Bright---------- brillante
Brochure---------- folleto de viaxes oude publicidade
Choose (pret. chose pp. chosen)--------- elixir
Clothing--------- roupa
Cloudless---------- despexado
Danger ---------- perigo
Disabled: ----------incapacitado, minusválido
Ethics ----------ética
Far and away---------- con moito
Firm---------- empresa
Frisbee---------- disco para lanzar na praia
Hoarding---------- panel publicitario
Kind ----------tipo
Laugh ----------rir
Leaflet ----------folleto
Make-up---------- maquillaxe
Make up one's mind---------- decidirse
Maybe---------- quizais
Media---------- os medios de comunicación
Nun ----------monxa
Palm tree---------- palmeira
Persuade---------- persuadir, convencer
Pick---------- elixir
Precisely---------- precisamente
Priest---------- sacerdote
Promote---------- promover, apoiar
Reckless---------- temerario, imprudente
Roll---------- rodar
Rule---------- regra
Sandy---------- areento
Scene ----------escenario
Seem---------- parecer
Shock ----------conmover, trastornar
Sky----------ceo
Soft drink----------:refresco
Striped ----------a raias
Suggest----------propoñer, suxerir
Target ----------branco, obxectivo
Taste ----------sabor
Towel---------- toalla Wave--------
---------- onda Wheelchair ----------
cadeira de rodas
Wide---------- ancho